



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Admisión a ciclos de grao medio e de grao superior de Formación Profesional 2020-2021

Instrucións sobre as solicitudes de admisión na reserva para persoas con discapacidade

(Actualizado 25/06/2020)





Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Consulta das solicitudes con discapacidade polo centro educativo.....	3
3.	Informe do Departamento de Orientación.....	5





1. Introducción

A Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de grao medio e grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas recolle no apartado 3 do artigo 3 unha reserva dun 10% das prazas do réxime ordinario para as persoas que teñan legalmente recoñecida unha discapacidade maior ou igual ao 33%. Esta reserva tamén se aplica para as prazas do réxime das persoas adultas, segundo establece o artigo 4.

O artigo 18 regula o procedemento a desenvolver polo **Departamento de Orientación do centro educativo que solicitase en primeira opción** a persoa con dereito de acceso pola reserva de discapacidade. No caso de que o centro educativo non dispoña de orientador/a, o proceso realizarase pola Dirección do centro, que poderá solicitar a axuda do equipo de orientación específico da provincia, no caso de consideralo necesario.

Segundo o devandito artigo, **convocarase a cada persoa solicitante da reserva de discapacidade a unha reunión individual**. Derivado das especiais circunstancias deste proceso de admisión, **é conveniente que estas reunións se fagan a través dunha vía telemática evitando deste xeito o desprazamento do solicitante ao centro**.

2. Consulta das solicitudes con discapacidade polo centro educativo

Na aplicación “Ciclosadmission” **consultaranse todas as solicitudes correspondentes á reserva de discapacidade nas que figura o centro educativo en primeira opción**. Dado que as solicitudes de admisión poden entregarse en calquera centro educativo con oferta de FP, e mesmo algunhas entregan ou se validan automaticamente sen que sexa preceptiva a súa presentación física, é importante que desde cada centro educativo se consulten estas solicitudes no devandito apartado da aplicación, periodicamente durante o prazo de presentación de solicitudes, coa finalidade de convocar á reunión a todas as persoas que proceda.

A consulta realizarase no apartado “5.5.4 Listaxe de solicitudes de discapacidade no centro”.





3 Alumnado ^
4 Oferta ^
5 Solicitudes v

5.1 Alta solicitudes ordinari...
5.2 Alta solicitudes extraor...
5.3 Entregar solicitudes
5.4 Validar Solicitudes
5.5 Listaxes solicitudes v

5.5.1 Para o centro
5.5.2 Para baremación
5.5.3 Entregadas no cen...
5.5.4 De discapacidade ...

Listaxe de solicitudes de discapacidade do Centro

[[Seleccionar centro](#)]

Filtros para a busca

Réxime *
-- Réxime -- v

Grao *
-- Grao -- v

Tipo DNI/NIE ? DNI/NIE
DNI v

Buscar Volver

Haberá que **seleccionar cada réxime, modalidade e grao** que teña autorizado o centro educativo, premer en cada caso no botón “Buscar”, e posteriormente seleccionar a pestana da convocatoria que corresponda (xuño ou setembro).

Visualizarase así as persoas que realizaran, ata o momento, solicitudes de admisión alegando dereito ás prazas reservadas para persoas con discapacidade e cuxa primeira petición sexa o centro educativo.



Listaxe de solicitudes de discapacidade do Centro
Grao Medio Convocatoria de Xuño

[Seleccionar centro]

Filtros para a busca

Réxime *
Presencial

Grao *
Medio

Tipo DNI/NIE *
DNI

DNI/NIE

Buscar Volver

Convocatoria de Xuño Convocatoria de Setembro

DNI/NIE/...	Nome	Teléfono	Centro entrega	Opcións
Non se atoparon elementos.				

3. Informe do Departamento de Orientación

O centro educativo convocará a cada solicitante a unha **reunión individual**, que poderá celebrarse desde o primeiro día do prazo de solicitude de admisión (25 de xuño e 1 de setembro, segundo se trate do período ordinario ou extraordinario, respectivamente). Debido ás especiais circunstancias deste ano para o proceso de admisión é conveniente limitar ao máximo as reunións presenciais. **Poderán substituírse por reunións realizadas por vía telemática, e garantindo sempre que a persoa solicitante reciba a información necesaria.**

A **finalidade da reunión** é que a persoa solicitante reciba información sobre as dificultades para acadar os resultados de aprendizaxe dos ciclos solicitados, e nomeadamente do solicitado en primeiro lugar, que a priori se poidan derivar da súa discapacidade.

A persoa solicitante levará á reunión ou fará chegar ao centro a documentación acreditativa do dereito a concorrer pola reserva de discapacidade (o certificado de discapacidade e máis o ditame técnico facultativo, ou ben a resolución de incapacidade permanente total ou absoluta, e calquera outra información que a persoa solicitante considere relevante).

No caso de que as devanditas dificultades se consideren moi graves, ofreceráselle unha/s proposta/s de escolarización alternativa/s, que a persoa interesada poderá aceptar voluntariamente. Neste caso permitiráselle modificar as peticións previamente consignadas na súa solicitude, aínda que rematara o prazo de presentación de solicitudes, mediante petición asinada polo solicitante, que se remitirá por correo electrónico ao Servizo de Xestión de FP.

O xefe/a do Departamento de Orientación (ou a Dirección do centro, no seu defecto) redactará un **informe** no que incluírá, a lo menos, os seguintes aspectos:

- Datos da persoa solicitante: nome e apelidos, DNI, idade, estudos previos.
- Datos sobre a discapacidade:



- Porcentaxe de discapacidade contemplado no certificado, ou mención ao recoñecemento a favor da persoa solicitante dunha incapacidade permanente en grao total ou absoluta.
 - Vixencia da resolución de discapacidade (indefinida ou data de revisión).
 - No seu caso, relación razoada das dificultades estimadas para acadar os resultados de aprendizaxe do ciclo solicitado.
- **Conclusións.** Orientación específica, no seu caso.

O informe entregaráselle á persoa solicitante, e incorporárase á aplicación “Ciclosadmision” **antes do 9 de xullo ás 14:00 horas** (no caso das solicitudes do período ordinario), no mesmo apartado 5.5.4 no que se consulta a listaxe de persoas solicitantes na reserva de discapacidade. Ao lado de cada solicitante, premerase no botón “Modificar Documentación” para efectuar a carga do devandito informe.

No caso das solicitudes efectuadas no período extraordinario, o límite para a carga do informe na aplicación será o **10 de setembro ás 12:00 horas**.

